

PREGO DE PRESCRIPCIONES ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS

para a adxudicación mediante procedemento aberto dun contrato de servizos

PROXECTO 0447_DIGITAL_EXPO_1_E

INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027

Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense

EXPOURENSE

Ourense, 2026

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CONTRATO

Entidade contratante	Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)
Código do proxecto	0447_DIGITAL_EXPO_1_E
Programa	INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027
Tipo de contrato	Contrato de servicios
Procedemento de adxudicación	Aberto simplificado
Presupuesto total de licitación	39.118.62 € (IVE non incluído)
Período de execución	18 meses, ata o 31 de decembro de 2027

1 INTRODUCCIÓN AO PROXECTO DIGITAL EXPO

1.1. Descrición xeral do proxecto

DIGITAL_EXPO é un proxecto de cooperación transfronteiriza enmarcado no Programa Operativo FEDER INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. A súa denominación completa é “Dixitalización intelixente e conectada nos recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal” con código de proxecto 0447_DIGITAL_EXPO_1_E.

O proxecto sitúa aos recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal como impulsores activos de procesos de transformación dixital, tanto da súa propia actividade operativa como das pequenas e medianas empresas de outros sectores que conforman o tecido económico deste territorio transfronteirizo. Estes recintos asumirán un papel protagonista como espazos de proba e visibilización de novas solucións tecnolóxicas orientadas a unha maior eficiencia operativa na xestión, á maximización do valor achegado aos usuarios (expositores e visitantes) e á integración de prácticas sostibles e inclusivas, co obxectivo de reforzar a súa competitividade e posionalos como referentes en innovación.

O horizonte temporal do proxecto abrangue desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2027, cunha duración prevista de dous anos.

1.2. Marco programático

Convocatoria	3ª convocatoria do Programa Interreg España-Portugal (POCTEP 021-2027)
Área de cooperación	Galicia – Norte de Portugal
Prioridade	P1 – Aproveitar o potencial da cooperación para consolidar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico, potenciar a creación de redes de coñecemento e empresariais, fomentar a dixitalización e mellorar a competitividade empresarial
Obxectivo específico	OE 1.2 – Aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización aos cidadáns, ás empresas, ás organizacións de investigación e ás administracións públicas

Orzamento total	1.025.875,12 € (cofinanciamento FEDER do 75%)
Período de execución	01/01/2026 – 31/12/2027

1.3. Partenariado do proxecto

O consorcio de DIGITAL_EXPO está integrado por seis entidades socias de ambos os dous lados da fronteira, coa Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia en calidade de beneficiario principal, e Expourense entre os socios españois con maior dotación orzamentaria.

Rol	Código	Entidad	País	Presupuesto (€)
BP	ES11117021	Dirección xeral de Comercio e Consumo (Xunta de Galicia)	España	288.616,71
BE1	PT-CMVC	Câmara Municipal de Viana do Castelo	Portugal	73.375,01
BE2	PT-MPL	Municipio de Ponte de Lima	Portugal	84.875,72
BE3	PT-MAV	Municipio de Arcos de Valdevez	Portugal	92.787,31
BE4	ES21130144	Fundación de Ferias e Exposicions de Ourense (Expourense)	España	298.629,21
BE5	ES-UVigo	Universidade de Vigo	España	187.591,16

1.4. Objetivos y plan de trabajo del proyecto

O obxectivo central de DIGITAL_EXPO é acelerar la transformación dixital dos recintos feirais e centros expositivos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, converténdoo en catalizadores de innovación ao servizo do tecido empresarial do territorio. Para acadar este obxectivo, o proxecto artículase en torno a seis grandes actividades:

- Actividade 1 – Rede transfronteiriza para a dixitalización (129.406,59 €): Avaliación dos procesos de xestión e comercialización dos recintos feirais con maior potencial de dixitalización, elaboración dun catálogo de tecnoloxías dispoñibles e deseño dunha folla de ruta estratéxica compartida.
- Actividade 2 – Hub demostrativo dixital (294.984,87 €): Articulación dun ecosistema colaborativo en torno a unha plataforma dixital, con sesións demostradoras sobre solucións dixitais aproveitando a programación feiral e un observatorio de tendencias tecnolóxicas.
- Actividade 3 – Testeo de tecnoloxías mediante pilotos (337.944,61 €): Implementación de tres pilotos tecnolóxicos nos recintos feirais: xemelgo dixital e IoT, intelixencia artificial aplicada a encontros de negocios, e realidade virtual e aumentada para mellorar a experiencia do usuario.
- Actividade 4 – Transferencia, capacitación e promoción dixital (149.450,30 €): Plan de transferencia de resultados, programa de formación para o sector de eventos e pemes, e deseño e implementación de estratexias de márketing dixital para os recintos da Eurorrexión.
- Actividade 5 – Xestión e coordinación (48.865,35 €): Coordinación técnica, económica e financeira del proxecto, así como seguimento e avaliación das accións.
- Actividade 6 – Visibilidade, transparencia e comunicación (65.223,40 €): Imaxe corporativa e plan de comunicación, xornada de lanzamento e xornada de peche do proxecto.

Neste marco, Expourense (BE4) actúa como entidade coordinadora das actividades 1, 2, 4 (parcialmente) e 6, ostentando un papel de liderado nas accións de maior visibilidade e impacto externo do proxecto.

2. OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADE DE EXTERNALIZACIÓN

2.1. Xustificación da externalización

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), na súa condición de socio beneficiario principal para determinadas actividades do proxecto 0447_DIGITAL_EXPO_1_E, considera necesario contratar os servizos dunha empresa ou entidade externa especializada que achegue a capacidade técnica, a experiencia en xestión de proxectos POCTEP e as competencias en comunicación e márketing dixital requiridas para executar con garantías as actividades que se describen no presente pliego.

A natureza dos servizos a contratar, que abranguen desde a coordinación técnica do proxecto ata o deseño de estratexias de márketing dixital, a á planificación da comunicación e a organización de eventos, require de perfís profesionais especializados e dunha capacidade operativa que a entidade contratante non pode desenvolver integramente cos seus propios medios no prazo e coa intensidade esixidos polo proxecto.

As especificacións técnicas que se detallan neste prego entenderanse aceptadas expresamente polos ofertantes polo mero feito de concorrer ao presente procedemento.

2.2. Actividades obxecto da licitación

O obxecto do presente contrato comprende a prestación de servizos de asistencia técnica para a execución das seguintes actividades do proxecto DIGITAL_EXPO, polas que Expourense é responsable do seu liderado e execución:

Actividade 5.2 – Coordinación técnica do proxecto

Código	A.5.2 Proyecto 0447_DIGITAL_EXPO_1_E
Denominación	Servizo de asistencia técnica para a coordinación técnica do proxecto
Importe licitación	14.118,62 € (IVE non incluído)
Fecha de execución	Xaneiro 2026 – Decembro 2027

Esta actuación engloba o conxunto de tarefas relacionadas coa coordinación estratéxica e operativa das actividades do proxecto por parte de Expourense, na súa condición de entidade socia con funcións relevantes de dirección e liderado dentro do consorcio. O servizo comprenderá as seguintes actuacións:

- Asistencia na planificación, organización e dinamización das reunións dos órganos de gobernanza do proxecto: Comité de Dirección (con periodicidade semestral) e Grupo Técnico de Traballo (reunións bimestrais).
- Preparación de convocatorias, documentación de apoio, redacción de actas e seguimento dos acordos adoptados.
- Supervisión permanente do cronograma de execución das actividades, detección de posibles incidencias ou desviacións e formulación de propostas de mellora ou medidas correctoras.
- Cooperación e coordinación co resto de entidades socias do consorcio para asegurar a correcta integración, aliñación e coherencia entre as accións lideradas por Expourense e aquelas desenvolvidas pelos demais beneficiarios.

- Comunicación e coordinación técnica coas autoridades responsables do Programa POCTEP, prestando apoio na elaboración de informes de seguimento e na atención a requirimentos emitidos pola autoridade de xestión.
- Redacción de propostas técnicas relacionadas con eventuais modificacións, reformulacións o solicitudes de prórroga do proxecto, en caso de ser necesarias.
- Preparación, revisión e validación dos informes de progreso e do informe técnico final correspondentes ás actividades coordinadas por Expourense.

Actividade 6.1 – Plan de comunicación do proxecto

Código	A.6.1 Proyecto 0447_DIGITAL_EXPO_1_E
Denominación	Servizo de asistencia técnica para o deseño e implementación do plan de comunicación do proxecto
Importe licitación	25.000,00 € (IVE no incluído)
Fecha de execución	Xaneiro 2026 – Decembro 2027

Esta actuación, coordinada por Expourense, centrarase na definición e implementación dunha estratexia global de comunicación para o proxecto DIGITAL_EXPO. Dito plan establecerá as directrices comúns para todos os socios en relación coa difusión e visibilidade do proxecto, garantindo en todo momento o cumprimento da normativa e das directrices do Programa POCTEP en materia de comunicación e información. O servizo incluírá as seguintes actuacións:

- Redacción e desenvolvemento do Plan de Comunicación do proxecto, incorporando unha definición precisa de obxectivos, públicos destinatarios, liñas estratéxicas, contidos e formatos asociados a cada unha das actividades previstas.
- O documento integrará así mesmo un Plan de Difusión e Aproveitamento de Resultados destinado a reforzar o alcance e impacto do proxecto tanto durante a súa execución como unha vez finalizado.
- Creación da identidade visual corporativa de DIGITAL_EXPO, incluíndo deseño de logotipo, selección de cores corporativas, tipografías e criterios de aplicación, recollidos nun Manual de Identidade Corporativa adaptable a soportes físicos e dixitais e conforme aos requisitos establecidos polo Programa.
- Deseño e elaboración de materiais promocionais e gráficos, tales como carteis, dípticos ou folletos informativos, modelos corporativos para presentacións e documentación, elementos de papelería e outros soportes de comunicación aliñados coa normativa de visibilidade do POCTEP.
- Desenvolvemento, implementación e mantemento continuo do sitio web oficial do proxecto, dispoñible en castelán, portugués e inglés, como espazo de referencia para a difusión pública de información, actividades e resultados do proxecto.
- Administración e dinamización das canles do proxecto en redes sociais, mediante a planificación dun calendario editorial, xeración de contidos e xestión activa da comunidade dixital.
- Preparación e envío periódico de boletíns informativos electrónicos coas principais novidades, avances e actividades vinculadas ao proxecto e ao ecosistema de recintos feirais e expositivos da Eurorrexión.
- Colaboración permanente co conxunto de socios do proxecto para asegurar a coherencia, coordinación e uniformidade de todas as actuacións de comunicación e difusión.

3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

3.1. Orzamento de licitación

O valor estimado do contrato, desglosado por actividades, é o seguinte:

Actividad	Denominación	Importe (IVE excluido)
Act. 5.2	Coordinación técnica do proxecto	14.118,62 €
Act. 6.1	Diseño e implementación do plan de comunicación do proxecto	25.000,00 €
TOTAL CONTRATO (IVE non incluído)		39.118,62 €

O pago do traballo efectuarase por fitos, conforme á seguinte estrutura:

- Un primeiro pago do 40% do importe total, á presentación dos correspondentes entregables vinculados ás accións 6.1 e ao primeiro avance da acción 5.1, previa presentación da factura correspondente.
- Un segundo pago do 35% do importe total, á presentación dos entregables vinculados ao avance da acción 6.1, previa presentación da factura correspondente.
- Un terceiro e último pago do 25% restante, á finalización e entrega de todos os traballos e entregables pendentes, previa presentación da factura final.

O orzamento ofertado polo licitador, en caso de ser inferior ao orzamento do proxecto, **repartirase proporcionalmente** por cada unha das actividades anteriores.

3.2. Duración do contrato

A duración do contrato será de **dezaioito (18) meses**, desde a data de comunicación e aceptación por parte da empresa adjudicataria, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2027, data de fin prevista do proxecto.

O contrato poderá prorrogarse e ampliarse por un máximo de 3 meses en caso de producirse unha prórroga do mesmo concedida polas autoridades do Programa POCTEP, de común acordo entre as partes e sen que iso implique modificación do orzamento total salvo resolución expresa en sentido contrario. En caso dun período superior, esta asistencia deberá de licitarse novamente polos meses de prórroga a maiores sobre este período de 3 meses.

4. EQUIPO DE TRABAJO REQUERIDO

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a correcta execución do contrato e designará, como mínimo, os seguintes perfís profesionais:

Perfil A – Director/a do proxecto (Director/a Técnico/a)	
Titulación mínima	Titulación universitaria (Grado o equivalente)
Experiencia mínima	Máis de 10 anos en xestión, coordinación e implementación de proxectos financiados polo programa INTERREG, especialmente en cooperación transfronteiriza España-Portugal
Acreditación específica	Experiencia acreditada na elaboración e aprobación de polo menos 5 proxectos INTERREG, así como na xestión de polo menos 10 proxectos de asistencia técnica dentro deste programa e ámbito territorial

Perfil B – Consultor/a senior	
Titulación mínima	Titulación universitaria (Grado o equivalente)
Experiencia mínima	Máis de 7 anos na elaboración, xestión, coordinación e implementación de proxectos INTERREG no espazo España-Portugal
Especialización	Contará con especialización nas actividades técnicas descritas para o proxecto

Perfil C – Consultor/a de comunicación y estrategia digital	
Titulación mínima	Titulación universitaria (Grado o equivalente)
Experiencia mínima	Máis de 5 anos en consultoría de comunicación para proxectos financiados por INTERREG, especialmente no contexto de cooperación transfronteiriza España-Portugal

Perfil D – Consultor/a de desarrollo web	
Titulación mínima	Titulación universitaria (Grado o equivalente)
Experiencia mínima	Máis de 5 anos en prestación de servizos de desenvolvemento web

O adxudicatario queda obrigado a presentar, para a realización do servizo, os medios persoais, materiais e técnicos precisos para garantir a boa execución del contrato e a adecuada realización das tarefas descritas. A substitución de calquera dos membros do equipo durante a execución do contrato deberá ser comunicada previamente a Expourense e requirirá a súa aprobación expresa, garantíndose que o perfil substituto acredite polo menos a mesma experiencia e cualificación que o substituído.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A oferta presentárase en TRES SOBRES identificados co texto: “Propuesta para la contratación de servicios de asistencia técnica” – Proyecto POCTEP DIGITAL_EXPO e enviada á dirección postal que se indique na convocatoria publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG) e na **web corporativa de Expourense**.

A documentación a presentar estruturarase nos seguintes bloques:

5.1. Documentación administrativa (Sobre A)

Deberá ter o seguinte título SOBRE A: documentación xeral para tomar parte na contratación do proxecto 0447_DIGITAL_EXPO. O seu contido será o seguinte:

5.1.1 Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Para iso, os licitadores deben presentar o Documento Único Europeo de Contratación (DEUC / DUE)...

Para iso, as persoas licitadoras deberán presentar o Documento Único Europeo de Contratación (DUE).

O DUE é unha declaración formal que as persoas licitadoras ou operadores económicos presentan no momento de presentar as súas ofertas, substituindo os certificados emitidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e confirmando que o operador económico cumpre as seguintes condicións:

- Non se atopa en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratación pública (prohibicións para contratar).
- Cumpre os criterios de selección pertinentes (criterios de solvencia).

Pode consultarse en formato electrónico en <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>. O formulario, dispoñible en castelán, pode cubrirse e imprimirse na devandita páxina web para remitilo á entidade adxudicadora xunto co resto da oferta..

O formulario ESUC tamén pode consultarse na páxina web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na sección da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en formato .odt:

- Versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- Versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/é/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización, o ANEXO I contén instrucións para a cumprimentación do formulario ESUC. En caso de que el licitador recorra a la solvencia y los recursos de otras empresas, de conformidad con el artículo 75 de la LCSP, cada una de ellas deberá presentar un ESUC.

Cando dúas ou máis empresas participen nunha licitación mediante a constitución dunha unión temporal de empresas, cada unha das empresas que a integran deberá acreditar a súa

personalidade, capacidade e solvencia mediante a presentación, por parte de cada unha delas, dun DEUC.

Así mesmo, deberán presentar un compromiso de constituír unha unión temporal de empresas (UTE), no que consten, nun documento privado, os nomes e circunstancias das empresas asinantes, a participación de cada unha delas e o compromiso de constituírse formalmente como UTE no caso de resultar adjudicatarias do contrato (artigos 69 da LCSP e 24 do RXLCAP).

Igualmente, deberán presentar a designación dun único representante ou apoderado da UTE con facultades suficientes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas do contrato ata a súa finalización, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que as empresas poidan outorgar para o cobramento e pagamento de cantidades significativas. O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas integrantes da UTE.

O SPEC deberá ir sempre acompañado da declaración complementaria que se achega como ANEXO II.

5.1.2 Presentación breve da persoa licitadora e da súa experiencia no ámbito da prestación de servizos de apoio en actividades de xestión, coordinación técnica, comunicación e márketing dixital en proxectos cofinanciados por fondos europeos, especialmente no marco do programa INTERREG / POCTEP.

5.2. Proposta técnica (memoria) (Sobre B)

Deberá levar o seguinte título: ****SOBRE B: documentación técnica para tomar parte na contratación do Proxecto 0447_DIGITAL_EXPO.****

A proposta técnica presentarase nun documento de memoria cun máximo de corenta (40) páxinas, coa seguinte estrutura obrigatoria:

BLOQUE 1 – Descripción das tarefas a realizar (máximo 25 páxinas)

- Proposta de actividades para a asistencia técnica de coordinación do proxecto.
- Proposta de actividades para o deseño e a implementación do plan de comunicación do proxecto.

BLOQUE 2 – Equipo de traballo proposto (máximo 10 páxinas)

Descrición do equipo de traballo proposto para a xestión do proxecto, incluíndo o equipo adicional no caso de ofertalo. Inclúirse un organigrama do equipo con indicación detallada da experiencia de cada perfil en programas POCTEP e noutros fondos europeos. Indicaranse de maneira clara os perfís que se adscriben a cada actividade. Deberá incluírse se se ofertan perfís adicionais, especificando cales son, aspecto que se valorará nos criterios obxectivos.

BLOQUE 3 – Planificación e organización do traballo (máximo 5 páxinas)

Descrición da planificación e organización do traballo e dos recursos asociados, con indicación do cronograma de execución de cada actividade.

5.3. Propuesta económica (Sobre C)

Deberá levar o seguinte título: **SOBRE C**: documentación económica relativa a criterios de valoración cuantificables mediante aplicación de fórmulas para participar na contratación do Proxecto 0447_DIGITAL_EXPO.

A oferta económica presentárase conforme ao modelo do Anexo I. O orzamento deberá incluír todos os gastos necesarios para levar a cabo unha correcta prestación dos servizos, incluídos os desprazamentos que sexan necesarios para asistir a reunións presenciais e outras actividades vinculadas ao proxecto.

5.4. Plazo de presentación

As ofertas deberán presentarse no prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** desde a publicación do presente prego na **Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (CPG)** e na **páxina web corporativa de Expourense** e, de ser o caso, na prensa autonómica.

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

6.1. Xustificación do procedemento

Dadas as características do contrato e co obxectivo de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre as persoas candidatas, así como de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, considérase máis axeitado que o procedemento de licitación se leve a cabo mediante procedemento aberto.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a páxina web da entidade.

6.2. Capacidade para contratar

Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato as persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unións temporais de empresas, con plena capacidade de obrar, que non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 71.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

En todo caso, nos procedementos abertos simplificados esixírase a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas, que acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, conforme ao reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira da persoa empresaria, de conformidade co establecido no artigo 87, apartado 2, da LCSP.

6.3. Solvencia técnica

A solvencia técnica acreditarase mediante unha declaración responsable de ter participado noutros proxectos con financiamento comunitario, preferentemente do Programa POCTEP, así como coa indicación de cada proxecto e convocatoria.

O importe da suma dos proxectos nos que se participase deberá ser, como mínimo, o triplo da cantidade licitada.

6.4. Mesa de contratación

A Mesa de Contratación será o órgano encargado de decidir sobre a adjudicación e estará constituída polos membros do equipo directivo e técnico de Expourense designados para tal efecto.

6.5. Criterios de valoración das ofertas

A) Criterios obxectivos (ata 75 puntos)

Criterio	Descripción e fórmula de valoración	Puntos
Oferta económica	<p>Concederáse a máxima puntuación asignada a este criterio (41 puntos) á oferta económica máis vantaxosa. A puntuación das restantes ofertas determinarase proporcionalmente de acordo coa seguinte fórmula:</p> $\text{Puntuación} = 65 \times (\text{oferta máis económica sen IVE} / \text{oferta que se valora sen IVE})$ <p>Non se terán en conta as propostas anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 149 da LCSP.</p>	Ata 65 puntos
Equipo adicional	<p>Mellora do número de profesionais participantes no proxecto, mediante a incorporación de perfís adicionais aos esixidos, con experiencia en proxectos POCTEP, cun perfil equivalente aos perfís B e C descritos no apartado 4 e coa mesma experiencia mínima acreditada.</p> <p>5 puntos por cada perfil adicional, ata un máximo de 10 puntos.</p>	Ata 10 puntos

B) Criterios subxetivos (hasta 25 puntos)

Ao tratarse dun contrato de servizos de carácter intelectual, inclúense criterios que dependen dun xuízo de valor, avaliados a partir da memoria técnica presentada (máximo 40 páxinas):

Criterio	Ponderación máxima
Metodoloxía e descrición das tarefas que se van realizar (Bloque 1 da memoria).	Ata 19 puntos
Planificación e organización das tarefas e do equipo de traballo, incluíndo a solvencia e experiencia do equipo proposto (Bloques 2 e 3 da memoria).	Ata 6 puntos
TOTAL CRITERIOS SUBXETIVOS	Ata 25 puntos

Para valorar cada un dos criterios subxetivos utilizarase a seguinte escala:

- Puntuación máxima (100 %): proposta moi detallada, completa e de excelente calidade
- Ata o 60 % da puntuación máxima: proposta correcta, pero cun nivel de detalle ou calidade inferior.
- Ata o 30 % da puntuación máxima: proposta insuficientemente detallada ou con información que non permite unha valoración axeitada.

6.6. Propostas anormalmente baixas

Para os efectos de determinar se unha proposta é anormalmente baixa, aplicarase o disposto no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP 2017).

6.7. Documentación xustificativa.

Unha vez realizada a adjudicación, concederase un prazo máximo de ****SETE (7) DÍAS HÁBILES**** á persoa ou entidade adjudicataria para presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como calquera outra documentación acreditativa da aptitude que resulte necesaria.

7. OBRIGAS DA ENTIDADE ADJUDICATARIA.

A entidade adjudicataria asumirá as seguintes obrigas durante toda a vixencia do contrato:

- Executar os traballos conforme ás especificacións técnicas do prego e ás instrucións de Expourense, respectando a normativa do Programa POCTEP en todos os entregables.
- Manter o equipo de traballo proposto durante toda a execución do contrato. Calquera substitución deberá ser previamente comunicada e autorizada por Expourense, garantindo que o novo perfil acredite, como mínimo, a mesma experiencia.
- Participar nas reunións de coordinación con Expourense e cos demais socios do proxecto cando sexa requirido, tanto en formato presencial como telemático.
- Presentar informes periódicos de seguimento dos traballos en execución, coa periodicidade e o formato que estableza Expourense.
- Gardar a máxima reserva e confidencialidade sobre toda a información clasificada como confidencial á que teña acceso en virtude do contrato, comprometéndose a non divulgala nin poñela á disposición de terceiros sen o previo consentimento por escrito de Expourense.
- Cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en particular co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD) e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Axustar todos os materiais de comunicación e visibilidade ás normas e estándares do Programa POCTEP en materia de identidade visual e recoñecemento do cofinanciamento europeo.

8. GARANTÍAS

8.1. Garantía provisional

Non se esixe a súa constitución.

8.2. Garantía definitiva

De conformidade co establecido no artigo 107 da LCSP, a persoa ou entidade adjudicataria deberá constituír unha garantía definitiva do 5 % do prezo final ofertado (IVE excluído), no prazo de SETE (7) DÍAS HÁBILES contados desde o día seguinte ao da notificación da adjudicación.

A garantía esixida poderá formalizarse mediante algunha das seguintes modalidades:

- Transferencia ou cheque bancario a favor da Fundación.
- Aval bancario

ANEXO I. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Dña/D. _____, DNI n.º _____, actuando en
nome de _____, con CIF n.º _____ e domicilio fiscal en
_____, con correo electrónico
_____ e teléfono _____,

enterado/a das condicións e requisitos que se lle exigen para a adxudicación do contrato de
servicios de asistencia técnica do proxecto POCTEP DIGITAL_EXPO (0447_DIGITAL_EXPO_1_E),

SE COMPROMETE a tomar o seu cargo a execución do mesmo, con suxeito estritamente os
expresados requisitos e condicións, e a seguinte oferta económica:

Lote	Denominación	Base imponible	IVE (21%)	Total con IVE
Act. 5.1	Coordinación técnica do proxecto			
Act. 6.1	Plan de comunicación do proxecto			
TOTAL OFERTA				

Asimismo, DECLARA:

1) Coñecer e aceptar cantas obrigas se derivan das condicións técnicas e administrativas deste contrato.

2) Facer constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

– Non concorre con empresas vinculadas.

– Concorre coa/s seguinte/s empresa/s (Denominación / CIF): _____.

En _____, a _____ de _____ de _____.

Fdo.: _____